

# Accipiter gentilis (Linnaeus, 1758)

	azor común
	azor común, gavián azor, azor norteño
	aztoera
	astor, falcó perdiguer
	northern goshawk
	açor



## ESTADO DE CONSERVACIÓN



## MEDIDAS CORPORAIS

<b>Peso</b>	357-1200 g(♂), 758-2200 g(♀)
<b>Lonxitude</b>	46-57 cm(♂), 58-69 cm(♀)
<b>Envergadura</b>	89-105 cm(♂), 108-127 cm(♀)

FILO	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Chordata	Aves	Accipitriformes	Accipitridae	<i>Accipiter</i>

## ALIMENTACIÓN

Mamíferos e aves de pequeno tamaño, ademais de réptiles, anfibios e insectos.

## COMPORTEMENTO

Son diúrnos, monógamos e moi territoriais, vivindo sos ou en parellas. Marcan os seus grandes territorios sobrevoándoo. As loitas territoriais resólvense sen contacto físico. En parte da súa distribución son sedentarios, pero nas máis frías migran no inverno ás cálidas.

## REPRODUCCIÓN

O período de celo abarca de marzo a xullo. As femias poñen 1-6 ovos, que incuban durante 28-41 días, mentres os machos as alimentan. A cría, alimentada pola nai que á súa vez segue sendo alimentada polo macho, pode voar a partir dos 45-56 días, e acada a madurez sexual aos 3 anos.

## HÁBITAT

Bosques caducifolios e de coníferas.

## DISTRIBUCIÓN

Poden atoparse durante todo o ano na meirande parte de Europa continental, nas illas Británicas, Córsega, Sardeña, Tánxer, Cáucaso, Anatolia, Rusia, Xapón, boa parte de Canadá, noroeste de EEUU, e centro de México. Só en verán no norte de Rusia, e só en inverno noutras rexións de EEUU e Europa, no Tibet, Himalaia, Corea e sueste de China.

## CURIOSIDADES

Animal moi silencioso agás a principios da época de celo e a de cría. Son moi agresivos con outras especies de aves rapaces, sobre todo os bufos, xa que depredan neles.

A subespecie presente no campus é *Accipiter gentilis marginatus* (Piller & Mitterpacher, 1783), propia da península Ibérica, Italia, os Balcáns, o Cáucaso e o Tánxer.